Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A cabra de ouro de Almoite

En Almoite, parroquia de Santa María de Almoite, concello de Baños de Molgas (Ourense) comentábase que unha vez había un home arando con dous bois no medio dunha finca e que lle engarrou o arado. Ó levantalo para arriba sacou unha cabra de ouro e seica se fixo rico.

[Recollido por Rosa Mª Hermida Domarco e Mª Dolores Garrido Fariñas en febreiro de 1992, de boca de Manuel Hermida Vila

BIBLIOGRAFÍA

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., «102 lendas e noticias lendarias», en Boletín Auriense, XXIV, 1994, páx.. 287- 336.